

ÁREA DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURACONCELLO
DE VIGO

EXPEDIENTE: 15967 / 331	TIPO EXPTE: PROCEDIMIENTO ABERTO ARMONIZADO-SERVIZOS
	SOLICITANTE: Área de Cultura

MEMORIA XUSTIFICATIVA**CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS
PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL "XOSÉ NEIRA VILAS"****1. OBXECTO (artigo 99 LCSP)**

O obxecto do contrato é a prestación de servizos bibliotecarios complementarios para o funcionamento da Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas" (avenida Martínez Garrido, 31, CP 36205 Vigo), incluíndo, entre outros, servizos de actividades de extensión cultural e bibliotecaria, de difusión e comunicación, de subscricións periódicas, de ampliación de fondos bibliográficos, tanto en soporte papel como dixital, e de mantemento xeral dos equipos técnicos necesarios para o seu funcionamento.

LOTES

Non se considera a división en lotes das prestacións do contrato xa que, de acordo co establecido no artigo 99.3.b) da LCSP, a correcta execución do contrato implica a necesidade de executar as prestacións por un só adxudicatario ao desenvolverse nun só espazo. A correcta execución das prestacións do contrato poderían verse imposibilitadas pola súa división en lotes si se realizase por unha pluralidade de contratistas diferentes.

É obxectivo do órgano de contratación garantir o bo funcionamento do servizo, e considera que a posibilidade da división por lotes implica, para a figura do "director/a de programas e equipamentos", unha falta de capacidade de organización do servizo ao non poder exercer as funcións que se lle atribúen de mando e orde sobre o persoal adscrito ao servizo, debido a que a súa autoridade só estaría limitada ao persoal contratado polo seu mesma adxudicataria. A división implicaría a necesidade de contratar unha figura intermedia para a coordinación entre as empresas polo que supoñería, ademais de todo o exposto, un incremento na partida orzamentaria da Administración destinada a este contrato.

Ademáis, os servizos a licitar manteñen unha coherencia co deseño curricular das distintas titulacións e/ou formacións que habilitan para exercer as diferentes funcións e actividades que recolle o PPT. Por tanto, a prestacións destes servizos precisan necesariamente dunha administración única dos recursos e da coherencia na toma de decisións.

2. XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS NOS CONTRATOS DE SERVIZOS (artigo 116)

A lei 7/1985, RBRL, establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias propias do concellos, entre as que se inclúen a "promoción da cultura e equipamentos culturais" e o artigo 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece a competencia dos concellos relativa a "actividades e instalacións culturais...".

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios
complementarios para a Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas"
Páxina 1/19



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/10/2019 10:13

Páxina 1 de 19

Expediente 15967/331

CSV: 2EEECA-C73F4B-2FBCA2-VPMQQR-5XDHPG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ÁREA DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



A estrutura e o cadro de persoal da concellería-delegada da Área de Cultura, nin a do Concello de Vigo, dispoñen de recursos humanos e medios propios para executar estes servizos de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”, polo que compre proceder á súa contratación a través de servizos.

3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN.

A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto e tramitación ordinaria. Polo seu valor estimado este contrato está suxeito a regulación harmonizada.

O código CPV do contrato, de acordo co vocabulario común de contratos públicos aprobado polo Regulamento (CE) 2195/2002, do Parlamento Europeo e o Consello, do 5 de novembro de 2002 é o seguinte:

79995000-5 Servizos de xestión de bibliotecas

4. PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN.

4.1 Prezo do contrato (artigo 102)

O prezo do contrato resultante, de acordo cos cálculos que se detallan máis adiante, para dúas anualidades (24 meses) é o seguinte:

591.004,12 €, co IVE incluído
(488.433,16 € € sen IVE, máis 102.570,96 € correspondentes de IVE).

4.2 Valor estimado (artigo 101 LCSP)

O valor estimado resulta do sumar o importe fixo do contrato (dous anos), máis as tres prórrogas posibles e o importe de eventuais ampliacións ata un máximo do 20 % sobre o importe fixo, e sen IVE.

1.318.769,53 € sen ive: 488.433,16 € + 244.216,58 € + 244.216,58 € + 244.216,58 € + 97.686,63 € (20 % de 488.433,16 €)

MÉTODO DE CÁLCULO DO VALOR ESTIMADO.

A efectos do establecido no artigo 101.5 da LCSP, de seguido detállase o método para calcular o valor estimado do contrato:

CUSTOS DE PERSOAL.

O artigo 102.3 da LCSP indica, particularmente, que “naqueles servizos nos que o custo económico principal sexan os custos laborais, deberán considerarse os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos ou provinciais aplicables ao lugar de prestación dos servizos”.

Neste sentido os cálculos dos custos de persoal obtéñense da aplicación da estrutura retributiva recollida no vixente Convenio Colectivo Marco Estatal de ocio educativo e animación sociocultural (BOE nº 168 de 15 de xullo de 2015), relacionando o posto do “Director/a de programas e equipamentos” co grupo II, o posto de “técnico/a especialista” co grupo III e os dous postos de “coordinador/a de actividades” co grupo

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”
Páxina 2/19



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/10/2019 10:13

Páxina 2 de 19

Expediente 15967/331

CSV: 2EEECA-C73F4B-2FBCA2-VPMQQR-5XDHPG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



IV do citado convenio; á que se engaden as “cargas sociais” correspondentes á empresa.

Os importes das retribucións ao persoal calcúlanse para o ano primeiro de contrato (inicio durante o exercicio 2020) considerando a actualización das derradeiras táboas salariais publicadas no Anexo IV do citado convenio (as de 2016) cun incremento anual do 0,5 % (seguindo os incrementos aplicados nos anos 2014, 2015 e 2016). Á retribución bruta engádeselle o 32,9% de custo laboral empresarial, que constitúe as denominadas “cargas sociais” a conta da empresa.

O resultado sería o seguinte:

CATEGORÍA	PLANTILLA EQUIVALENTE	GRUPO PROFESIONAL	SOLDOS E SALARIOS	SEGURIDADE SOCIAL	TOTAL CUSTO
DIRECTOR/A PROGRAMAS E EQUIPAM.	1,16	GRUPO 2	31.714,57	10.434,09	42.148,66
TÉCNICO/A ESPECIALISTA	1,16	GRUPO 3	26.958,35	8.869,30	35.827,65
COORDINADOR/A ACTIVIDADES	2,32	GRUPO 4	40.771,74	13.413,90	54.185,64
	4,63		99.444,65 €	32.717,29 €	132.161,95 €

Custo de persoal .-

Partindo do custo laboral para unha xornada anual de 1.742 horas por traballador e incrementando a plantilla equivalente cun absentismo estimado nun 5%, resultan os seguintes custos no primeiro ano de contrato:

- Director/a de programas e equipamentos: 42.186,66 €
- Técnico/a especialista: 35.827,65 €
- Coordinador/a de actividades: 54.185,64 €

Resume do custo de persoal.- 132.161,95 €/primeiro ano

OUTROS CUSTOS DOS SERVIZOS DO CONTRATO ESTIMADOS PARA A PRIMEIRA ANUALIDADE.

a) Actividades de dinamización e extensión cultural e bibliotecaria e difusión: 33.000 €

b) Adquisición de novos fondos bibliográficos, audiovisuais e subscricións: 27.000 €

c) Outros custos de funcionamento: mantementos, consumibles, servizos externos, formación, seguros, servizos bancarios, etc: Estimación de **19.390 €**

d) Amortización do investimento. Estimación de **6.060 €** no primeiro ano.

e) Financiamento. Estimación de **1.457 €** no primeiro ano.

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”
Páxina 3/19





O cadro resume dos custos do primeiro ano do contrato é o seguinte:

Persoal	132.161,95	60,33%
Actividades de ext. Bibliotecaria e difusión (a)	33.000,00	15,06%
Adquisición de fondos (b)	27.000,00	12,32%
Outros custos de funcionamento (c)	19.390,00	8,85%
Amortización e financiamento (d+e)	7.517,13	3,43%
Custos execución do contrato (1º ano)	219.069,07	100,00%

f) Gastos xerais de estrutura.

Un 4% sobre a totalidade dos custos, incluídos os de persoal: Estimación de **8.762,76 €**

g) Beneficio industrial.

Estímase un beneficio industrial do 6%: **13.823,58 €** calculado sobre o custo medio dunha anualidade.

CUSTO ANUAL DO CONTRATO PARA O CONCELLO.

Considérase que os custos da execución para o adxudicatario evolucionarán durante a vida do contrato (máximo de 5 anos incluídas as eventuais prórrogas); polo que se estiman incrementos anuais de +0,5% para os custos de persoal e de +1,5%, para os outros custos de explotación. O Concello aboaría a mesma contía máxima anual.

	ANO 1	ANO 2	ANO 3	ANO 4	ANO 5	ACUMULADO	ANUALIDADE MEDIA
CUSTOS DE PERSOAL	132.161,95	132.822,76	133.486,87	134.154,30	134.825,08	667.450,95	133.490,19
ACTIVIDADES DE EXT. BIBLIOT. Y DIF.	33.000,00	33.495,00	33.997,43	34.507,39	35.025,00	170.024,81	34.004,96
ADQUISICIÓN DE FONDOS	27.000,00	27.060,00	27.120,90	27.182,71	27.245,45	135.609,07	27.121,81
OUTROS CUSTOS DE EXPLOTACIÓN	19.390,00	19.680,85	19.976,06	20.275,70	20.579,84	99.902,46	19.980,49
AMORTIZACION INVESTIMENTO	6.060,00	6.060,00	6.060,00	6.060,00	6.060,00	30.300,00	6.060,00
FINANCIAMENTO INVESTIMENTO	1.457,13	1.165,70	874,28	582,85	291,43	4.371,38	874,28
Total custos directos	219.069,07	220.284,31	221.515,53	222.762,96	224.026,79	1.107.658,67	221.531,73
4% ESTRUCTURA.	8.762,76	8.811,37	8.860,62	8.910,52	8.961,07	44.306,35	8.861,27
Total custos	227.831,84	229.095,68	230.376,16	231.673,48	232.987,86	1.151.965,01	230.393,00
						Beneficio industrial 6%	13.823,58
						Custo anual para o concello	244.216,58

O custo anual do contrato para o Concello obtense da media dos cálculos anuais acumulados por todos os conceptos, aplicándose a este custo medio o beneficio industrial, estimado no 6%.

De acordo co establecido no artigo 100.2 la LCSP, nos contratos en que os custos dos salarios das persoas empregadas para a súa execución formen parte do prezo total do contrato, compre que no presuposto base de licitación se indique de forma desglosada, con desagregación de xénero e categoría profesional, os custos salariais estimados a partir do convenio colectivo de referencia (cálculos dos custos de persoal realizados sobre a estrutura retributiva do Convenio Estatal de Ocio Educativo e Animación Sociocultural, grupo II para o/a "Director/a de programas e equipamentos", grupo III para o/a "técnico/a especialista" e grupo IV para os/as "coordinadores/as de actividades").





Para a citada estimación consideráronse as porcentaxes de xornada asignadas ás categorías profesionais reseñadas no documento presentado pola actual empresa adxudicataria, onde asignan o xérnero ás siglas do nome correspondente. Neste caso, todos os traballadores, tanto homes como mulleres, teñen o 100% de xornada.

De forma que o custo salarial estimado por xénero e categoría é o seguinte:

- Para o primeiro ano de contrato:

CATEGORÍA	PLANTILLA EQUIVALENTE	GRUPO PROFESIONAL	SOLDOS E SALARIOS	SEGURIDADE SOCIAL	TOTAL CUSTO
DIRECTOR/A PROGRAMAS E EQUIPAM.	1,16	GRUPO 2	31.714,57	10.434,09	42.148,66
TÉCNICO/A ESPECIALISTA	1,16	GRUPO 3	26.958,35	8.869,30	35.827,65
COORDINADOR/A ACTIVIDADES	2,32	GRUPO 4	40.771,74	13.413,90	54.185,64
	4,63		99.444,65 €	32.717,29 €	132.161,95 €

O que determina o seguinte reparto porcentual:

Custo anual Homes: 42.148,66 € (31,89 %)

Custo anual Mulleres: 90.013,29 € (68,11 %)

- Custo de persoal medio:

	ANO 1	ANO 2	ANO 3	ANO 4	ANO 5	ACUMUL.	ANUALIDADE MEDIA
CUSTOS DE PERSOAL	132.161,95 €	132.822,76 €	133.486,87 €	134.154,30 €	134.825,08 €	667.450,95 €	133.490,19 €

Total custo anual medio: **133.490,19 €/ano**

O que determina finalmente e mantendo o reparto porcentual:

Custo anual Homes: 42.570,02 € (31,89 %)

Custo anual Mulleres: 90.920,17 € (68,11 %)

Finalmente, temos que o importe anual do contrato é de 244.216,58 €, máis o 21% de iva, o que fai un importe total anual de 295.502,06 €

5.REVISIÓN DE PREZOS (artigo 103)

Non se consideran revisións de prezos para este contrato, nin durante o período de duración do contrato nin durante as súas posibles prórrogas.

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas"
Páxina 5/19



**6. FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL**

O importe de licitación de contrato (24 mensualidades) é de **591.004,12 €**, co **IVE incluído (488.433,16 € € sen IVE, máis 102.570,96 € correspondentes de IVE)**.

O prezo do contrato do contrato supón o seguinte importe anual de licitación:

Importe anual, con IVE: 295.502,06 €

Importe anual, sen IVE.- 244.216,58 €

Anualidades con iva.- Período fixo de contrato

2020 (3 abril-31 decembro)	2021	2022 (1 xaneiro-2 abril)
219.163,00 €	295.502,06 €	76.339,06 €

Anualidades con iva.- Posibles prórrogas do contrato

2022 (3 abril-31 decembro)	2023	2024	2025 (1 xaneiro-2 abril)
219.163,00 €	295.502,06 €	295.502,06 €	76.339,06 €

* Financiamento dos importes de licitación:

Aplicación 3321.227.99.10 “Funcionamento Biblioteca Martínez Garrido”.

O contrato non supoñerá desequilibrio orzamentario por atoparse o gasto contemplado no orzamento do programa 3321-Bibliotecas Públicas para 2020 con saldo suficiente e adecuado na aplicación presupostaria 3321.227.99.10 “Funcionamento Biblioteca Martínez Garrido”, polo que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

7. PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA (artigo 29)

Co obxecto de conseguir unha organización estable dos servizos e á vez someter periodicamente o contrato a concorrência, considérase que o prazo adecuado de execución do contrato debe ser de DOUS ANOS (24 meses), prorrogable por períodos anuais, ata un máximo de tres (3).

A estimación da data de inicio das prestación do contrato é o 3 de abril de 2020.

8. SOLVENCIA

- **Solvencia económica e financeira:**

Acreditarase indistintamente, por calquera dos seguintes medios:

➤ Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”
Páxina 6/19



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/10/2019 10:13

Páxina 6 de 19

Expediente 15967/331

CSV: 2EEECA-C73F4B-2FBCA2-VPMQQR-5XDHPG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ÁREA DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



- Ao valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
- Á anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

Acreditarse por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

➤ Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

➤ Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa si está prevista no PCAP

- Solvencia técnica e profesional:

Acreditarse, indistintamente, por calquera dos seguintes medios:

➤ Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato.

➤ Se o contrato se licitase por lotes, a anualidade media será a do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos dos códigos CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

➤ Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa si está prevista no PCAP.

A solvencia e clasificación empresarial requeridas están directamente vinculadas co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose que a achega da requirida solvencia acredita a capacidade do adxudicatario para realizar adecuadamente as prestacións dos servizos.

9. CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN

De acordo co artigo 145.3.g) compre establecer unha pluralidade de criterios ao tratarse dun contrato de servizos, onde o prezo non é o único factor determinante da adxudicación.

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”
Páxina 7/19



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/10/2019 10:13

Páxina 7 de 19

Expediente 15967/331

CSV: 2EEECA-C73F4B-2FBCA2-VPMQQR-5XDHPG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ÁREA DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR. ATA 48 PUNTOS.

A.1. MEMORIA TÉCNICA E DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO. ATA 48 PUNTOS

- 1.1. PROGRAMA DE ORGANIZACIÓN ESPECÍFICO DO SERVIZO. Ata 30 puntos.
- 1.2. CONTROL DE CALIDADE DOS SERVIZOS. Ata 8 puntos.
- 1.3. COMUNICACIÓNS E RELACIÓNS OPERATIVAS CO CONCELLO. Ata 5 puntos.
- 1.4. ESTRUTURA ORGANIZATIVA DA EMPRESA RELACIONADA CO CONTRATO. Ata 5 puntos.

B) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA. ATA 52 PUNTOS.

- B.1. REDUCCIÓN DO PREZO DE LICITACIÓN. Ata 32 puntos.
- B.2. BOLSA DE HORAS. Ata 10 puntos
- B.3. REALIZACIÓN DE ESTUDOS DE PÚBLICO USUARIO. Ata un máximo de 10 puntos.

A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR. ATA 48 PUNTOS.

A.1. MEMORIA TÉCNICA E DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO. ATA 48 PUNTOS

As empresas licitadoras achegarán unha Memoria Técnica na que expoñan o seu proxecto organizativo e descritivo dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”, que acredite o coñecemento das características do centro comprendido no contrato e das necesidades a cubrir polo mesmo. Esta memoria técnica deberá desagregar e xustificar o conxunto da oferta do licitador en relación cos subcriterios de valoración que se detallan a continuación, polo que deberá presentar obrigatoriamente apartados perfectamente diferenciados e coincidentes en denominación e orde cos mesmos.

A Memoria Técnica deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións:

- Un máximo de 80 (oitenta) páxinas, incluídos portadas, índices, anexos, táboas, gráficos, ou calquera outro documento.
- Tamaño de folia A4.
- A letra será tipo Arial, DejaVu Serif, Times New Roman ou semellante de tamaño 12, cun tamaño mínimo equivalente a 12 pt.
- O espazamento entre liñas será simple ou 1,15.
- O arquivo dixital non debe superar os 8 MB de tamaño.
- A Memoria Técnica deberá estar estruturada obrigatoriamente de acordo co desglose dos subcriterios que se detallan nos pregos.

O conxunto da Memoria Técnica puntuarase ata un **máximo de 48 (corenta e oito) puntos** e incluírá obrigatoriamente o desenvolvemento dos seguintes subcriterios valorables:

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”
Páxina 8/19





1.1. PROGRAMA DE ORGANIZACIÓN ESPECÍFICO DO SERVIZO. Ata un máximo de 30 puntos.

Neste apartado as empresas licitadoras desenvolverán:

- Liñas básicas da organización xeral dos servizos bibliotecarios según o especificado no PPT.
- Directrices da dirección da empresa a seguir polo persoal, tendo en conta as especificidades do centro obxecto do contrato.
- Detalle da xestión dos recursos humanos e técnicos a empregar pola empresa
- Mecanismos e fluxos de comunicación interna.
- Sistemas de control de presenza e cumprimento do servizo do seu persoal.
- Plan anual detallado de actividades de dinamización e extensión bibliotecaria según o especificado no PPT.
- Plan anual de adquisición de fondos.
- Plan de desenvolvemento e mantemento de plataformas dixitais.
- Plan de mantemento dos sistemas electrónicos, audiovisuais e informáticos
- Plan de difusión e comunicación exterior: material de difusión, campañas, mantemento e desenvolvemento da web da biblioteca e calquera outro elemento de difusión que se considere oportuno.
- Relación de medios materiais, a utilizar no centro para a prestación dos servizos, diferenciando os medios materias propios dos obrigados no PPT.
- Plan de formación anual do persoal, mesmo para o de nova incorporación por substitucións.

1.2. CONTROL DE CALIDADE DOS SERVIZOS. Ata un máximo de 8 puntos.

Neste apartado as empresas licitadoras desenvolverán:

- Os mecanismos de control operativo e de calidade do servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas” (tanto os derivados das obrigas establecidas nos pregos como as da memoria técnica ofertada).
- Indicadores de nivel de calidade do servizo (obxectivos, características, periodicidade, avaliación).
- Mecanismos de inspección e de control do servizo e da súa calidade.
- Protocolos propostos pola empresa para realización do servizos.
- Non serán valorables os plans de calidade xenéricos, non específicos para os servizos deste contrato, os do funcionamento interno das empresas ou as certificacións da calidade que poidan dispoñer.

1.3. COMUNICACIÓNS E RELACIÓNS OPERATIVAS CO CONCELLO. Ata un máximo de 5 puntos.

Neste apartado as empresas licitadoras desenvolverán:

- Mecanismos de comunicación co Concello e traslado de información (periodicidade, contidos, suxestións de usuarios/as ou da empresa), respectando o establecido nos pregos; proposta de reunións presenciais e calquera outro que se considere oportuno.
- Estrutura da memoria anual do servizo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/10/2019 10:13	Páxina 9 de 19
Expediente 15967/331	CSV: 2EEECA-C73F4B-2FBCA2-VPMQQR-5XDHPG-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



1.4. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DA EMPRESA RELACIONADA CO CONTRATO. Ata un máximo de 5 puntos.

Neste apartado as empresas licitadoras desenvolverán:

- Organigrama da empresa, con detalle da estrutura territorial e, particularmente, da organización executiva local.
- Recursos propios da estrutura da empresa, así como os recursos externos, que incidan directamente no apoio á execución e seguimento do contrato.
- Perfil profesional e formativo do equipo dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”
- Mecanismos para atender ás substitucións (vacacións, baixas laborales, outras ausencias) e de cobertura de necesidades puntuais (reforzos, ampliacións de horarios), tempos de resposta e efectivos para atender eventualidades.

ASESORAMENTO TÉCNICO

De conformidade co artigo 146.2.b) da LCSP, a valoración dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, así como, en todo caso, a dos criterios avaliados mediante a utilización de fórmulas, efectuarase pola mesa de contratación, a cuxo efecto poderá solicitar os informes técnicos que considere precisos, informes que poderían ser emitidos polos técnicos da Concellería-delgada de Área de Cultura ou segundo se establece no artigo 326.5 da LCSP, previa autorización polo órgano de contratación, aos seguintes especialistas na materia relacionada co obxecto do contrato:

- **Inmaculada C. Serrano Plaza, directora Biblioteca Pública “Juan Compañel” de Vigo.**

* Formación: Licenciada en Xeografía e Historia e diplomada en Biblioteconomía e Documentación.

* Experiencia profesional: Directora da Biblioteca Pública “Juan Compañel” dende o ano 2013; Corpo facultativo de Grao medio, escala de axudantes de Arquivos, Bibliotecas e Museos, especialidade Bibliotecas dende 1999; Auxiliar técnico de Bibliotecas na Universidade de Vigo de 1996 a 1999; Técnico Superior de Bibliotecas na Deputación provincial de Pontevedra en 1994.

- **Gerardo Marraud González, director Biblioteca Universitaria-Universidade de Vigo.**

* Formación: Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidad Autónoma de Madrid; Máster en Xestión Pública polo *Centro Superior de Estudios de Gestión, Análisis y Evaluación* da Universidade Complutense de Madrid; Técnico en Xestión Editorial polo Instituto de Xestión Cultural e Artística da Universidade Europea Miguel de Cervantes; Funcionario da Escala Superior de Técnicos Facultativos de Biblioteca da Universidade Carlos III de Madrid

* Experiencia profesional: Entre xuño de 1987 e xuño de 1990, Axudante de Arquivos e Bibliotecas na Biblioteca da Universidad de Alcalá de Henares; de xuño de 1990 a marzo 1994, como Xefe da Sección de Arquivo e Biblioteca do Ministerio de Traballo e Seguridade Social; desde marzo de 1994 a outubro 2002, como Director dos servizos de Documentación e Biblioteca do Ministerio de Traballo; desde novembro de 2002

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”
Páxina 10/19



ÁREA DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



desempeña o cargo de Director da Biblioteca da Universidade de Vigo, ademais de ser dende xaneiro de 2017 membro do Comité Executivo de Crue-REBIUN, a rede española de bibliotecas universitarias.

- **Mariña Fariñas Pérez, axudante de bibliotecas da Universidade de Vigo.**

* **Formación:** Licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Posgrao de Especialista en Xestión da Información e da Documentación na Administración e na Empresa pola Universidade de Santiago de Compostela.

* **Experiencia profesional:** Desde novembro de 2007 ata febreiro de 2013, desempeñou a dirección da Biblioteca Pública de Pontevedra “Antonio Odriozola” da Xunta de Galicia; na actualidade traballa como axudante de Arquivos e Bibliotecas na Biblioteca da Universidade de Vigo.

MÉTODO DE AVALIACIÓN DOS CRITERIOS SUXEITOS A XUÍZO DE VALOR

A puntuación da Memoria Técnica e de organización do servizo, presentada polos licitadoras, será outorgada de acordo coas seguintes regras:

1.- Para cada un dos subcriterios puntuables da Memoria Técnica outorgarase a maior puntuación, dentro do límite fixado, a aquela que mellor desenvolva os contidos indicados, con análise dos aspectos requeridos, precisión, coherencia e idoneidade da proposta, e ás demais memorias asignaráselle puntuacións de xeito proporcional con respecto á mellor, en cada subcriterio puntuable.

2.- A puntuación será de 0 (cero) puntos cando nos contidos dun apartado ou subcriterio se conteñan aspectos contradictorios internos, en relación coa oferta presentada e o contido obxecto do contrato.

Cando a Memoria Técnica achegada non cumpra con algún do requisitos formais estipulados relativos ao número máximo de páxinas, tamaño de folia, tipo e tamaño de letra, interlineado, arquivo único ou tamaño do mesmo e/ou estrutura da memoria, procederase a súa valoración técnica, pero deducirase un 25% da puntuación total asignada ao citado criterio.

Non será considerada a efectos de valoración, a mera transcripción literal ou quasi literal, simple ou mimética das esixencias reflectidas nos pregos de prescricións técnicas ou de cláusulas administrativas, nin as formulacións que contradigan os pregos, ou resulten incoherentes con eles, e en todo caso a empresa adxudicataria quedará obrigada igualmente ao seu cumprimento íntegro dos pregos.

De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un umbral mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (24 puntos mínimos), respecto á máxima posible (48 puntos), no criterio “Memoria Técnica e de organización do servizo”; e de tal forma que unha puntuación inferior ao 50% resultará excluínte do proceso.

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”
Páxina 11/19



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/10/2019 10:13

Páxina 11 de 19

Expediente 15967/331

CSV: 2EEECA-C73F4B-2FBCA2-VPMQQR-5XDHPG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ÁREA DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURACONCELLO
DE VIGO

Establécese este umbral xa que no contrato as prestacións realizadas polo persoal supoñen o seu principal custo, polo que se precisa acreditar amplamente o coñecemento do espazo, dispoñer dunha organización eficiente e desenvolver servizos cos mellores niveis de calidade posibles.

A elección destes criterios xustifícase pola información que proporcionan sobre a adecuación e capacitación das empresas licitadoras para desenvolver o contrato procurando a mellor relación calidade-prezo para a administración.

B) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA. ATA 52 PUNTOS.

B.1. REDUCCIÓN DO PREZO. Ata 32 puntos.

Outorgarase a máxima puntuación, **32 puntos**, á maior **redución do prezo** plantexada como a maior **baixa expresada en porcentaxe de redución única (máximo dous decimais)**.

B.2. BOLSAS DE HORAS. Ata un máximo de 10 puntos.

Oferta dunha bolsa de horas de apertura da Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”, durante o período contractual, sen custo para o Concello, a realizar en horarios diferentes aos habituais, incluso en horario nocturno, que supoñen a realización de actividades extraordinarias. A bolsa estaría integrada por un máximo de 75 horas.

B.3. REALIZACIÓN DE ESTUDOS DE PÚBLICO USUARIO. Ata un máximo de 10 puntos.

Deseñar, realizar e valorar estudos de públicos usuarios da programación e servizos da Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”, que permitan coñecer o seu perfil básico das persoas usuarias (procedencia, idade, sexo, nivel de formación, forma de coñecemento da biblioteca e das súas actividades, intereses socioculturais) e nivel de satisfacción (actividade, organización e persoal, instalacións e equipamento, comunicación). Os resultados acadados presentariáanse no Servizo da Área de Cultura con periodicidade trimestral.

FÓRMULAS PARA VALORACIÓN DE CRITERIOS.

B.1. REDUCCIÓN DO PREZO DE LICITACIÓN. Ata 32 puntos.

1.-Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obterase restando ó valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orden decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: se eliminará so a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 3 e 5 ofertas admitidas: se eliminará so a oferta que conteña o valor máis alto.

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”
Páxina 12/19



ÁREA DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



- entre 6 e 10 ofertas admitidas: se eliminarán as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: se eliminarán as tres primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- máis de 15 ofertas: se eliminarán as catro primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética dos mesmos e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

a) Para valorar baixas inferiores ó Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Vof: valor ofertado de baixa.

Vrb: valor referencia das baixas.

b) Para valorar baixas iguais o superiores ó Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio.

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb.

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb.

2) As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

3) Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.

B.2. BOLSAS DE HORAS. Ata un máximo de 10 puntos.

A oferta do número máximo de horas obterá a puntuación máxima de 10 puntos, de acordo coa seguinte fórmula:

Oferta de 75 horas = 10 puntos.

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”
Páxina 13/19



ÁREA DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



Ás outras ofertas de número de horas inferiores ao máximo establecido no criterio aplicaráselle a seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación oferta} = \frac{\text{NHO (nº horas ofertadas)} \times (10 \text{ puntos criterio})}{75 \text{ (nº máximo de horas criterio)}}$$

B.3. REALIZACIÓN DE ESTUDOS DE PÚBLICO USUARIO. Ata un máximo de 10 puntos.

Fórmula de valoración do criterio:

Oferta de deseño, realización e valoración de estudos de públicos:

Sí=10 puntos. Non: 0 puntos

Criterios de desempate.

En caso de empate de puntuacións, entre dúas ou máis ofertas trala aplicación dos criterios de adjudicación, aplicarase o establecido no artigo 147 da LCSP.

Xustificación dos criterios:

Os servizos desta contratación, debido ás CPVS asignadas, están incluídos no Anexo IV da LCSP, polo que os criterios relacionados coa calidade suman máis do 51% da puntuación total (artigo 145, apartado 4, da LCSP). O criterio único relacionado co prezo supón o 32% da puntuación total e os criterios relacionados coa calidade supoñen o 68 % da puntuación total.

En canto aos criterios cualitativos, preténdese que a empresa acredite a súa capacidade de executar e desenvolver os servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”, atendendo a criterios de calidade e sustentabilidade, tendo en conta que se tratan de servizos que se efectúan de forma directa coas persoas usuarias.

Os criterios relacionados coa calidade valorados a través de fórmula xustifícanse en que, por un lado, permiten a ampliación horaria dos servizos, fóra dos horarios habituais, para a realización de actividades extraordinarias, que redundan non oferta máis atractiva para as persoas usuarias; e, por outro, permiten un maior coñecemento do público usuario dos servizos e das actividades a través do estudo do seu perfil básico e motivación o que supón unha mellor adaptación do servizo ás súas características. Por tanto, os criterios diferentes ao prezo supoñen unha mellora significativa da calidade dos servizos e da execución do contrato.

Xustificación das fórmulas:

As devanditas fórmulas son proporcionais e outorgan a maior puntuación á oferta que presenta mellor redución de prezo e maior bolsa de horas.

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”
Páxina 14/19



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/10/2019 10:13	Páxina 14 de 19
Expediente 15967/331	CSV: 2EEECA-C73F4B-2FBCA2-VPMQQR-5XDHPG-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



10. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS.

Considerarase que conteñen valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

11. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, establécense neste contrato as seguintes condicións especiais de execución:

- A adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato

12. INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 LCSP

Por se procedera a subrogación de persoal de acordo con algún convenio colectivo de aplicación por parte da empresa adxudicataria ou por dar cumprimento a outro tipo de normativa, polo Servizo da Área de Cultura solicitouse á actual empresa adxudicataria do contrato a “Información esixida polo artigo 130 da LCSP” (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público), relativa aos traballadores aos que poidera afectar unha posible subrogación, de ser o caso.

Na documentación requerida, relativa ás prestacións, debíase incluír: 1. Convenio colectivo de aplicación; 2. Detalles da categoría; 3. Tipo de contrato. 4. Xornada. 5. Data de antigüidade. 6. Vencemento do contrato. 7. Salario bruto anual de cada traballador. 8. Pactos en vigor aplicables aos traballadores aos que afecte a subrogación.

Como anexo ao PPT, achégase o documento coa “Información esixida polo artigo 130 da LCSP”, presentado pola actual empresa adxudicataria na sede electrónica municipal con data 12 de agosto de 2019, relativo ao persoal que actualmente presta servizo na

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”
Páxina 15/19





Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”, sin incluir datos de carácter persoal.

13. PRAZO DE GARANTÍA

Para os servizos bibliotecarios complementarios nas dependencias da Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”, non se establece prazo de garantía a non ser a responsabilidade derivada da actuación da empresa. En cumprimento do artigo 67.2. t do RDL 1098/2001 do 12 de outubro, xustifícase o non establecemento de prazo de garantía ao tratarse dun contrato de servizos no que achega de bens que poidan devindicar unha responsabilidade máis aló da finalización do contrato que se pretende licitar.

14. SUBCONTRATACIÓN

Establécense as funcións a prestar polo “director/a de programas e equipamentos” como tarefa crítica a executar directamente polo contratista, sen que proceda a súa subcontratación; xa que este servizo considérase unha figura clave para o desenvolvemento do contrato e relaciona de forma operativa á adxudicataria, co Concello e co persoal presente nas actividades.

15. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Neste contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas” establécense como aspectos modificables os seguintes:

- Sectorización espacial de servizos bibliotecarios.
- Incremento no importe anual para actividades de dinamización e de extensión cultural e bibliotecaria ofertado pola empresa adxudicataria do contrato.
- Incremento no importe anual de adquisición de fondos bibliográficos, audiovisuais e subscricións ofertado pola empresa adxudicataria do contrato.

Circunstancias que determinan a modificación:

- A ampliación da superficie da biblioteca pola incorporación de novos espazos e a súa incidencia na prestación dos servizos.
- Os posibles incrementos na oferta de actividades e na adquisición de fondos da biblioteca.

Límite da modificación.- Os incrementos poderían realizarse ata un máximo do 20% sobre o prezo do contrato.

16. RESPONSABLE DO CONTRATO

A responsabilidade do contrato asígnase á xefatura do Servizo de Xestión e Promoción Cultural.

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”
Páxina 16/19



ÁREA DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURACONCELLO
DE VIGO**17. REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO**

O importe do prezo do contrato satisfaráselle ao contratista por meses vencidos (ou fracción no caso de no corresponderse cun mes completo), polos servizos efectivamente realizados ou executados, aos que se aplicarán os prezos de adxudicación.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

Oficina contable: **GE0000575** SERVIZOS
ECONÓMICOS/INTERVENCIÓN.

Órgano xestor: **L01360577** CONCELLO DE VIGO.

Unidade tramitadora: **GE0000656**, para a facturación electrónica, que corresponde ao Servizo de Promoción Cultural (331).

18. SEGURO

O contratista deberá subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil por unha contía mínima de 600.000 €; e un importe mínimo de 400.000 € por sinistro, para os servizos prestados no centro obxecto do contrato.

19. LUGAR DE ENTREGA

Os servizos obxecto do contrato prestaranse na Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas" (avenida Martínez Garrido, 31, CP 36205 Vigo)

20. DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO

A data prevista para o inicio do contrato é o 3 de abril de 2020.

21. ETIQUETAS

Non se require o establecemento de etiquetas para o presente contrato.

22. INFORMES DE PROBAS

Non se contempla a solicitude do informe de probas.

23. OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA REDACCIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES.

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas"
Páxina 17/19



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/10/2019 10:13

Páxina 17 de 19

Expediente 15967/331

CSV: 2EEECA-C73F4B-2FBCA2-VPMQQR-5XDHPG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ÁREA DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



OBRIGAS DO ADXUDICATARIO:

1. Dispoñer de persoal coa formación adecuada e específica para a prestación dos servizos obxecto do contrato, é dicir en xestión e servizos bibliotecarios, con experiencia, formación e habilitación profesional demostrable; para a adecuada realización das prestacións que abarca este contrato é preciso que a empresa dispoña dun persoal mínimo, que respondan ás características que se indican a continuación

- a) **Un/ha Director/a de Programas e Equipamentos.** Realizará e xestionará os servizos xerais e os programas lúdico-educativos e socioculturais, comprendendo entre as súas funcións tanto a elaboración de memorias e informes, xestión de presupostos, como os recursos humanos adscritos aos mesmos. Ademais, servirá de interlocutor coa Área de Cultura do Concello de Vigo. Deberá dispoñer de titulación universitaria de grao medio ou formación profesional de grao superior ou acreditar unha experiencia mínima de 3 anos naturais nesas funcións.
- b) **Un/ha Técnico/a especialista.** Deberá estar en posesión do título de bacharelato ou formación profesional específica de grao medio ou acreditar unha experiencia mínima de 2 anos naturais nas funcións propias do posto.
- c) **Dous Coordinadores/as de actividades.** Deberán estar en posesión do título de educación secundaria obligatoria, formación ocupacional específica ou acreditar unha experiencia mínima de 2 anos naturais nas funcións propias do posto.

2. O persoal que preste o servizo deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Dominio práctico do galego oral e escrito, con independencia de que contén cos requisitos académicos ou oficiais.
- b) Coñecementos e destrezas sobre técnicas de atención ao público.
- c) Deberá dispoñer dunha formación ou experiencia polivalente para a prestación dos distintos servizos contratados.
- d) Coñecemento práctico de programas ofimáticos básicos (tratamento de textos, folia de cálculo, bases de datos, etc.).
- e) O persoal do equipo contará de forma permanente, e con dedicación exclusiva, cun especialista en traballos con poboación infantil, con formación e experiencia demostrables.
- f) O persoal do equipo deberá contar polo menos con dous integrantes con dedicación exclusiva e xornada completa, con coñecementos acreditados e experiencia na catalogación orixinal baixo formato MARC e no manexo do programa de xestión de bibliotecas KOHA.
- g) O persoal do equipo deberá ter coñecementos a nivel de usuario de blogues, wikis, marcadores sociais, redifusión de contidos, redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram, etc.) e repositorios de información en liña como Picasa, Youtube, etc.

3. Entregar a documentación xustificativa do cumprimento polo seu persoal dos requisitos esixidos nos apartados anteriores antes do inicio da execución do contrato.

4. Mellorar e actualizar a formación do seu persoal durante a execución do contrato ao seu cargo.

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”
Páxina 18/19



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/10/2019 10:13

Páxina 18 de 19

Expediente 15967/331

CSV: 2EEECA-C73F4B-2FBCA2-VPMQQR-5XDHPG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ÁREA DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



5. Dotar ao seu persoal dos recursos materiais básicos necesarios para a execución do servizo contratado (mobiliario, consumibles, material de oficina, materiais para a produción de información reproducible, memorias, etc; equipo informático, EPIs, consumo telefónico, mantemento e conservación dos recursos que achegue á prestación do contrato, etc.).

6. Comunicar a substitución de persoal por vacacións, enfermidade, baixas voluntarias ou por calquera outra circunstancia, con cinco días de antelación, e se non fose posible no día no que se produza a substitución.

7. A empresa adxudicataria estará en condicións de executar ao seu cargo, cos seus recursos e medios propios, todas as propostas que formule na Memoria Técnica, que serán de obrigado cumprimento ou execución por parte do contratista, sin condicionantes nin traslado á Administración municipal ou a terceiros, de cargas económicas, xestións, obtención de permisos ou licencias, etc.

8. A oferta económica deberá indicar expresamente os importes mínimos propostos anualmente para cada concepto, especial e necesariamente para os seguintes:

Plan de actividades de dinamización e extensión cultural e bibliotecaria e difusión
Plan de adquisición de fondos bibliográficos, audiovisuais e subscricións

24. ASESORAMENTO PARA A REDACCIÓN DE DOCUMENTACIÓN TÉCNICA.

Con data 1 de abril de 2019 o concelleiro-delegado da Área de Cultura autorizou a contratación (expte 2609/330), con Into Galicia Consulting SL CIF B27802214, para servizos de asesoramento para a redacción de documentación técnica necesaria para a **LICITACIÓN DO CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL "XOSÉ NEIRA VILAS"**, de acordo coas bases técnicas de data 26 de marzo de 2019 nas que se inclúe o seguinte: "6.- **CLÁUSULA DE COMPATIBILIDADE.** Deberá terse en conta que a participación da mercantil na preparación da documentación técnica obxecto do presente contrato, impedirá a súa posterior participación no procedemento de licitación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas", tanto en calidade de licitador como asesorando a outras empresas na preparación das súas ofertas, en aplicación do disposto no artigo 70 LCSP 9/2017, de 8 de novembro".

A empresa Into Galicia Consulting SL subscibiu con data 31 de marzo de 2019 unha declaración xurada que incluía o seu coñecemento e aceptación das citadas bases técnicas e en especial a tamén citada cláusula de compatibilidade."

Data de sinatura.- A que figure na sinatura electrónica

Asinado.-

Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural.

Conforme.- Abel Losada Álvarez, concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadán.

Memoria xustificativa para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas"
Páxina 19/19



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/10/2019 10:13

Páxina 19 de 19

Expediente 15967/331

CSV: 2EEECA-C73F4B-2FBCA2-VPMQQR-5XDHPG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>